


LECTIO PRIMA


AS FAMILIAS LINGÜÍSTICAS.
O LATÍN COMO LINGUA INDOEUROPEA.
ÉPOCAS E NIVEIS LINGÜÍSTICOS DO LATÍN.
AS LINGUAS ROMANCES.
ROMA: A CIDADE E O SEU ENTORNO.

- 1.1. Concepto de familia lingüística:**
1.1.1. As orixes da linguaxe: a razón fronte ó mito.
1.1.2. A familia indoeuropea.
1.1.3. Diversidade de linguas: lingua fronte a dialecto.
- 1.2. O latín:**
1.2.1. Os “latíns”.
1.2.2. As linguas romances.
- 1.3. Roma: a cidade e o seu entorno.**

COGITA!



Que
representa
esta imaxe?



Quen é o
autor deste
libro?

1. Que teñen que ver as imaxes anteriores coa diversidade lingüística?

2. Por que os seres humanos non falamos unha soa lingua? Cantas linguas cres que se falan no mundo? Como pista, observa a presentación *OCEANVS LINGVARVM*.



3. Define, se o sabes, o que é unha familia lingüística. Sónache de algo a palabra "Indoeuropeo"? De que?

4. Observa a presentación *COLLATIO LINGVARVM* e intenta deducir o método de traballo dos especialistas en Lingüística Comparativa. Pareceche científico? Razoa a resposta.



5. Lede a seguinte crónica periodística e debatede sobre a polémica que se manifesta nela, en relación coa oposición lingua-dialecto, que de seguro coñeces.

Un académico denomina en un documento oficial valenciano-catalán a la lengua

Ascensión Figueres precisa que el término no ha sido aprobado por el ente normativo

El debate sobre la denominación del valenciano vuelve a estar de actualidad. Jordi Colomina, presidente de la sección de Lexicografía de la Acadèmia Valenciana de la Llengua, utilizó ayer el término "valenciano-catalán" para referirse a la lengua. Es la primera vez que se utiliza esa denominación en un documento oficial.

J. C. FERRIOL ■ VALENCIA

El encuentro de casi 150 técnicos lingüistas organizado por la Acadèmia Valenciana de la Llengua sirvió ayer para desenterrar el debate sobre la denominación del valenciano. Fue casi sin querer, pero el día anterior a la jornada de reflexión de las europeas servirá para recordar que el presidente de la sección de Lexicografía del ente normativo, Jordi Colomina, es uno de los principales apoyos de la denominación "valenciano-catalán".

En el transcurso de la jornada – convocada para unificar criterios y acercar el ente normativo a los técnicos lingüistas –, los responsables de la Acadèmia entregaron a los técnicos documentación relativa a la labor realizada por la AVL. En el correspondiente a los criterios de elaboración de los diccionarios de la Acadèmia, que suscribe Colomina, se puede leer que entre los criterios utilizados para la elaboración de las obras aparece el de la "convergencia con las soluciones adoptadas en otros territorios donde se habla el "sistema lingüístico compartido" (según el eufemismo de la ley de creación de la AVL) o –por decirlo con un nombre más viable– el valenciano-catalán".

La referencia a esta expresión es la primera que aparece en un documento oficial del ente normativo del valenciano. No obstante, la Acadèmia Valenciana de la Llengua no ha adoptado acuerdo alguno al respecto. De hecho, el propio Colomina subrayó ante los medios de comunicación que en la Comunidad Valenciana se han de utilizar los términos "valenciano, lengua valencia-

na e idioma valenciano". Pese a ello, la utilización de la denominación valenciano-catalán amenaza con provocar una fuerte polémica.

El matiz de que esa expresión sólo se emplearía fuera de la Comunidad no deja de ser un guiño a la unidad de la lengua que, desde los sectores más partidarios del carácter diferenciado del valenciano será previsiblemente rechazado. Quizá consciente de esa posibilidad, Colomina también quiso hacer un guiño a esa sensibilidad y subrayó que "utilizar la expresión lengua valenciana no es sinónimo de *blavero*".

"Nombre político"

La presidenta de la Acadèmia, Ascensió Figueres, sabedora de lo arriesgado de abrir un debate sobre la denominación en vísperas de una convocatoria electoral, quiso preci-

CONCLUSIONES

- **Dignificación.** Los técnicos lingüistas aprovecharon la jornada para reivindicar una mayor dignificación de su trabajo.
- **Coordinación.** En la reunión se ayer se puso de manifiesto la necesidad de un trabajo más estrecho entre los lingüistas y el ente normativo del valenciano.
- **Continuidad.** Los lingüistas emplazaron a la institución que preside Ascensió Figueres a que este tipo de jornadas tengan continuidad.
- **Elogios.** Los técnicos lingüistas valoraron de forma positiva la jornada de trabajo.

sar que la denominación valenciano-catalán afectaría únicamente al resto de España y al extranjero. Colomina remachó con que lo ideal sería que la Universidad no se refiriera a la lengua como catalán –"que es un nombre político", dijo–, sino como valenciano-catalán, "que sería el científico".

Figueres, por si acaso, reiteró que la Acadèmia no ha aprobado ningún documento en relación con este asunto. Pero en cualquier caso, el debate sobre la denominación eclipsó unas jornadas dirigidas, según Figueres, a orientar a los "promotores del valenciano" –los técnicos lingüistas– respecto a cuál es la labor y los criterios del ente normativo. "La Acadèmia no puede ir por un lado y la sociedad por otro", reconoció la presidenta de la institución valenciana.




Ros, Figueres, Serra y Palomero, antes de comenzar la jornada técnica en San Miguel de los Reyes. / J. MARÍN

MEMENTO!

1. Debes coñecer o concepto de evolución lingüística, familia lingüística e identificar os grupos que conforman a familia indoeuropea, así como algúns idiomas de cada un dos grupos e os territorios onde se falan (excepto o romance, que será tratado independentemente). Por certo, o dos territorios corre da túa conta. Pensa que actualmente se falan **443** linguas indoeuropeas por **máis de 3.000 millóns de persoas**. Servíndote da túa cultura xeral, tamén deberás saber citar algunhas linguas non indoeuropeas, tanto de dentro como de fóra de Europa. Para axudarte, téns os seguintes recursos:

- As presentacións *OCEANVS LINGVARVM* e *COLLATIO LINGVARVM*.
- Mapa e táboa adxuntos.




A FAMILIA INDOEUROPEA

GRUPO	LINGUAS	TERRITORIO(S)
ALBANÉS	Guego e Tosco	
ANATOLIO (†)	Hitita	
ARMENIO	Armenio	
BÁLTICO	Letón	
	Lituano	
CÉLTICO	Gaélico irlandés	
	Gaélico escocés	
	Bretón	
	Galés	
ESLAVO	Búlgaro	
	Serbocroata	
	Esloveno	
	Polaco	
	Checo	
	Eslovaco	
	Ruso	
	Ucraino	
GREGO	Bielorruso	
	Grego clásico (†)	
INDO-IRANIO	Grego moderno	
	Sánscrito (†)	
	Hindi	
	Nepalés	
	Bengalí	
	Avéstico (†)	
	Persa	
ITÁLICO	Pashto	
TOCARIO (†)	<i>(ver páx. seguinte)</i>	
XERMÁNICO	Tocario (A e B)	
	Alemán	
	Luxemburgués	
	Holandés	
	Flamenca	
	Afrikaans	
	Inglés	
	Islandés	
	Danés	
	Noruegués	
	Sueco	

2. Como verás no seguinte mapa, durante os séculos anteriores á expansión de Roma, o panorama lingüístico da Península Itálica ofrecía moita diversidade. Foi o latín o que, como lingua da potencia que acabou dominando o territorio, rematou superpoñéndose ós demais, non sen experimentar algunhas influencias deles, como é usual nestes casos:

O proceso de expansión do latín por toda Italia e, máis adiante, por todo o Imperio Romano, tivo lugar durante moitos séculos e ó longo de moitos territorios, onde se falaban idiomas ós que a lingua de Roma se superpuxo. Ademais, foi unha lingua que recibiu un cultivo literario moi intenso e prolongado, que incluso sobreviviu ó Imperio. Se hoxe aínda se estudia na escola é, como vimos no *Prologus*, por ese prestixio cultural do que gozou durante tanto tempo.

Estes feitos motivan que non poidamos, *stricto sensu*, falar de “latín” en xeral e dun xeito unitario. Debemos máis ben falar de latíns, que definiremos a continuación:



LATÍN LITERARIO

Debe quedar claro que o latín que imos estudar é o idioma cultivado a nivel literario por un enorme grupo de autores de variada procedencia e por un período de tempo moi longo. Nel distínguense varias fases, con criterios tanto literarios como históricos:

LATÍN ARCAICO: Desde os primeiros restos escritos (s. VIII a.C., aínda que están en discusión) ata o s. II a.C.

LATÍN CLÁSICO ou IDADE DE OURO: s. II a.C.-II d.C.

LATÍN POSTCLÁSICO ou IDADE DE PRATA: s. II-III d.C.

LATÍN TARDÍO: s. III-VI d.C.

LATÍN MEDIEVAL: s. VI-XIV.

LATÍN HUMANÍSTICO ou NEOLATÍN: s. XV-XVIII.

LATÍN VULGAR ou POPULAR

Os primeiros estudos das semellanzas entre as linguas romances e o latín pensaron que a variante literaria, que alcanzara un desenvolvemento tan alto na súa Idade de Ouro, se “corrompera” e “dexenerara” cara ás nosas linguas. Un achegamento máis detido ó problema revela que as linguas romances non proceden do latín literario senón, como é lóxico, da lingua falada pola gran maioría da poboación (que na meirande parte dos casos non sabía ler nin

escribir) ó longo do tempo de vixencia do Imperio. Grazas a algúns testemuños escritos sabemos que, xa na chamada Idade de Ouro, a xente do común dicía as palabras do latín dun xeito que abondas veces se achega moito a como as pronunciamos hoxe en día. Polo tanto, debe quedar claro que latín literario e latín vulgar non teñen demasiado que ver entre si: son máis ben dúas liñas paralelas no tempo que, malia estaren próximas, non se cruzan.

O latín que mellor coñecemos é o literario, dado que temos abondosos restos escritos del. Respecto ó latín vulgar, podemos reconstruír algunhas das súas características, o que resulta moi interesante, pois así podemos observar diferentes fases do proceso de transformación do idioma. Xa sabes, polo tanto, o que tes que contestar a quen vos diga que o latín é unha “lingua morta”. Nunca morreu: só cambiou de aspecto, e non tanto, segundo os casos.

No seguinte mapa verás as linguas romances tal e como se distribúen territorialmente na actualidade. Lembra que as diferenciacións entre elas se deberon a varios factores:


- O latín non chegou a todas as partes ó mesmo tempo: mentres Hispania comezou a ser romanizada no s. II a.C., a Dacia non foi conquistada ata o derradeiro terzo do s. I d.C. E trescentos anos son bastantes para un proceso lingüístico, e máxime nunha época na que non existen factores que favorecen a unidade como a escolarización universal ou os medios de comunicación globais da actualidade.
- As linguas ás que se superpuxo o latín (linguas de substrato) eran diferentes en cada caso, e cada unha delas influíu nel ó seu xeito particular.
- As linguas que chegaron a eses territorios (e os seus arredores) tras a caída do Imperio (linguas de adstrato e superestrato) foron tamén diferentes segundo os casos, e as influencias sobre o latín, loxicamente, foron igualmente diversas.

Todos estes contidos recóllense na presentación *LINGVAE LATINAE HISTORIA*.




3. Observa a presentación *VRBS ROMA* e fíxate en como a cidade foi evolucionando desde uns pequenos asentamentos nas lombas ata ocupar o val que se estendía no medio delas. Debes lembrar os nomes e a situación dos seguintes elementos:

- Os nomes das sete lombas e do río que pasa pola cidade.
- Os edificios públicos máis destacados, con especial atención ós foros, así como o uso que se lles daba.



Área do Campo de Marte

Área dos Foros Imperiais



Coliseo

Área do Palatino

Circo Máximo

